



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CAMBRE

Convocatoria pública de subvencións municipais a asociacións empresariais 2022

Aprobación definitiva das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a asociacións empresariais 2022

ANUNCIO

O Pleno municipal, na súa sesión ordinaria do día 28 de abril de 2022, acordou aprobar inicialmente as bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais a asociacións empresariais 2022 do Concello de Cambre, así como a súa convocatoria e modelos de solicitude e xustificación (anexos), e abrir un prazo de información pública e audiencia aos interesados de trinta días hábiles a partir do día seguinte á publicación do referido anuncio, co fin de que puideran presentarse as reclamacións e suxestións que estimasen oportunas, segundo o establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local. O anuncio de aprobación inicial publicouse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 85, do 5 de maio de 2022.

As bases íntegras publicáronse no taboleiro de anuncios e páxina web municipais o 6 de maio de 2022.

Expostas as bases íntegras ao público durante trinta días no taboleiro de anuncios e na sede electrónica municipal <https://sede.cambre.es/> ("Taboleiro de anuncios"), non se presentou ningunha reclamación ou suxestión, polo que, de conformidade co establecido no art. 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, enténdense definitivamente aprobadas as Bases publicadas, dándose por cumprido o previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, publícase integramente o texto das bases reguladoras e os modelos de solicitude (anexos) no Boletín Oficial da Provincia, facendo constar que contra este acordo non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso - administrativo é de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Cambre, 22 de xuño de 2022

O concelleiro delegado da

Área de Desenvolvemento Socioeconómico

PD. (R.A. núm. 1323/2019, do 1 de xullo)

Diego Alcantarilla Rei

BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ASOCIACIÓNS EMPRESARIAIS 2022

Estas bases teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión de subvencións municipais ás asociacións empresarias locais durante o ano 2022, contribuíndo á dinamización do comercio local, ao mantemento do emprego, ao fomento do asociacionismo, á reactivación da actividade económica local tras a crise sanitaria provocada polo Covid - 19, favorecendo a competitividade das empresas locais.

Base 1ª. Obxecto e finalidade da convocatoria

1.1. A presente convocatoria pública de subvencións municipais, ten por obxectivo mellorar a competitividade do tecido empresarial local por medio da colaboración cos axentes económicos do municipio, financiando proxectos, actuacións e investimentos que dinamicen as súas actividades e melloren a súa competitividade, permitíndolle adaptarse ao novo escenario derivado da crise sanitaria provocada polo Covid - 19. Os obxectivos específicos desta convocatoria son:

- a) Facilitar a adopción das medidas necesarias para garantir o desenvolvemento da actividade empresarial local no novo escenario derivado da crise sanitaria provocada polo Covid - 19.
- b) Fomentar o asociacionismo empresarial no municipio.
- c) Mellorar a competitividade das actividades empresariais, particularmente a través de medidas dirixidas a adaptar o tecido empresarial local ás tecnoloxías da información e das comunicacións e á economía dixital.
- d) Poñer en marcha campañas comerciais para o fomento das vendas no municipio, incluíndo a sinalización de zonas comerciais ou empresarias determinadas.
- e) Contribuír ao mantemento do comercio e da hostalería do municipio.

1.2. Os proxectos deben enmarcarse dentro dalgunha das seguintes **áreas de actuación**:

- a) Adopción de protocolos, medidas e recomendacións para a realización da actividade comercial ou empresarial no novo escenario derivado da crise sanitaria provocada polo Covid - 19.
- b) Transformación dixital, adaptación ás tecnoloxías da información e das comunicacións e comercio electrónico.
- c) Dinamización e promoción da actividade comercial e hostaleira (incluíndo a sinalización de zonas comerciais ou empresarias do municipio etc.)
- d) Mellora da competitividade empresarial (formación, realización de programas ou plans cunha incidencia directa na dinamización do comercio ou na competitividade empresarial).

1.3. **Cada entidade poderá solicitar un máximo de 4 proxectos que deberán encadrarse necesariamente en polo menos dúas áreas de actuación diferentes.**

Base 2ª. Principios que informan a súa xestión

A xestión destas axudas realizarase de acordo cos seguintes principios:

- 2.1. Publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación.
- 2.2. Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.
- 2.3. Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Base 3ª. Características xerais dos proxectos, actividades ou investimentos subvencionables

3.1. Consideraranse subvencionables as actuacións para o desenvolvemento de proxectos, actividades e investimentos que estean englobados nalgunha das categorías indicadas na base 4ª e que correspondan cos gastos e investimentos subvencionables segundo o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.2. Os proxectos/investimentos obxecto de subvención deberán:

- a) Responder ao obxectivo estratéxico de colaborar cos axentes económicos do municipio na dinamización das actividades comerciais e competitividade das empresas locais, sexa fomentando o asociacionismo empresarial, mellorando a competitividade das actividades empresariais, poñendo en marcha campañas comerciais para o fomento das vendas no municipio, apoiando o mantemento do comercio e da hostalería no municipio ou facilitando a adopción das medidas necesarias para garantir o desenvolvemento da actividade de conformidade co novo escenario derivado da crise sanitaria provocada polo Covid - 19 (Plan estratéxico de Subvencións 2020 - 2023 Concello de Cambre e a súa modificación para 2022).
- b) Conter accións/investimentos encadrados dentro dalgunha das actividades prioritarias.

c) Incluír unha descrición detallada das actividades ou investimentos que os compoñen, con datas estimadas de realización e gastos ou investimentos previstos.

d) **Incluír nas medidas de comunicación e difusión o financiamento por parte do Concello de Cambre.**

3.3. Non se computarán como actividades/investimentos subvencionables os que non respondan ao obxecto da convocatoria.

3.4. Poderán incluír actuacións e investimentos realizados a partir do 1 de xaneiro do presente exercicio, sen esperar a que se produza a concesión da subvención e sen que isto prexulgue a decisión que finalmente se adopte.

Base 4ª. Actividades prioritarias

Serán prioritarias as accións que se encadren nalguna das seguintes categoría:

4.1. Facilitar a adopción de protocolos, medidas e recomendacións para a realización da actividade comercial ou empresarial no novo escenario derivado da crise sanitaria provocada polo Covid - 19:

- a) Adquisición de equipos de protección individualizados.
- b) Subministración dos produtos e materiais funxibles precisos para tal fin.
- c) Elaboración de materiais, soportes gráficos ou elementos de análogas características que dean a coñecer a clientela e a cidadanía as medidas adoptadas neste ámbito.
- d) Realización de investimentos para adaptar as instalacións ás necesidades derivadas da nova situación (mamparas, equipos de renovación de aire, ventilación ou similares, etc.).

4.2. Transformación dixital, adaptación ás tecnoloxías da información e das comunicacións e comercio electrónico:

- a) Accións relacionadas coa presenza on line, redes sociais, etc.
- b) Accións que utilicen ou promovan as novas tecnoloxías como medio de xestión e / ou difusión da actividade.
- c) Accións que fomenten o comercio electrónico.
- d) Adquisición de equipos informáticos, periféricos, impresoras e aplicacións precisas para procesos de transformación dixital.

4.3. Dinamización e promoción da actividade comercial e hostaleira.

- a) Campañas de comunicación, publicidade, creatividade e imaxe.
- b) Organización de eventos, feiras, actividades de animación e similares, dirixidas ao fomento dunha zona comercial, á incentivación do consumo nun ámbito determinado ou sector de actividade, ou á difusión da imaxe do Concello como destino de compras ou lecer, ou como destino para o establecemento de empresas, etc.
- c) Realización de campañas promocionais coa finalidade de incentivar as vendas ou fidelizar e atraer aos consumidores.
- d) Accións dirixidas a colaborar co Concello en programas de dinamización empresarial.
- e) Dotación de equipamentos ou realización de investimentos dirixidos á sinalización da oferta comercial / empresarial ou de servizos existente nunha zona determinada ou dun sector municipal determinado.

4.4. Mellora da competitividade empresarial:

- a) Realización de obradoiros, xornadas formativas e informativas en áreas de interese para o empresariado, a efectuar prioritariamente en instalacións e dependencias de titularidade municipal.
- b) Realización por empresas especializadas de estudos e programas orientados á formulación de propostas concretas de actuación, con prazos de execución definidos, que teñan unha incidencia directa na dinamización do comercio ou na competitividade empresarial, dirixidas á zonas comerciais ou a sectores empresariais específicos, sempre e cando estean vinculados ao proxecto aprobado.
- c) Outras actividades que contribúan á mellora da competitividade empresarial.

Base 5ª. Entidades beneficiarias

5.1. Poderán obter a condición de entidades beneficiarias destas axudas as asociacións empresariais formalmente constituídas e inscritas no rexistro administrativo correspondente, que cumpran cos requisitos de:

- a) Ter entre os seus fins a promoción da actividade económica en xeral, ou dalgún sector ou sectores en particular, ou o fomento do asociacionismo entre empresarios/as, comerciantes, etc.
- b) Ter o seu domicilio social en Cambre.

- c) Desenvolver o proxecto e as actividades ou investimentos para os que se soliciten subvención principalmente dentro do ámbito territorial do concello de Cambre.
- d) Non ter pendente de xustificar subvencións municipais concedidas en exercicios anteriores, ou no caso de que así fose, ter concedida prórroga ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
- e) Estar ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Tributarias e coa Seguridade Social.
- f) Estar ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co concello de Cambre, que serán comprobadas de oficio.
- g) Ter un mínimo de 25 socios.
- h) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para obter a condición de beneficiaria de subvencións (artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións).

5.2. As entidades que soliciten subvención con cargo á presente convocatoria deberán reunir á finalización do prazo de presentación de solicitude os anteriores requisitos, que terán que manter alomenos durante o exercicio económico no que se concede a subvención, debendo ser acreditados de conformidade co establecido nestas bases, nomeadamente no intre de xustificación da subvención.

Base 6ª. Exclusiones

6.1. No poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administración públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vencelladas ou dependentes de calquera delas.

6.2. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta convocatoria as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6.3. A xustificación por parte das asociacións solicitantes de non estar incurso nas prohibicións contidas nos números 6.1 e 6.2 anteriores se realizará mediante declaración responsable, incluída no modelo de Anexo I: Solicitude, declaracións responsables e autorizacións.

Base 7ª. Gastos e investimentos subvencionables

7.1. Considéranse gastos e investimentos subvencionables aqueles que sen lugar a dúbidas respondan á natureza da actividade subvencionada, teñan relación directa co obxecto da mesma e correspondan con algunha das actividades subvencionables indicadas na base 4ª desta convocatoria, entre os que están os servizos e subministracións directas precisas para o desenvolvemento do proxectos ou investimentos propostos, o alugueiro ou compra de equipos vinculados aos mesmos e a adquisición dos materiais funxibles necesarios para o cumprimento dos protocolos, medidas e recomendacións establecidos polas autoridades competentes para a realización da actividade comercial ou empresarial no novo escenario derivado da crise sanitaria provocada polo Covid - 19.

7.2. Só serán subvencionables gastos ou investimentos realizados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022.

7.3. O importe máximo subvencionable por entidade será de 30.000,00 euros, cun máximo de 10.000,00 euros destinados a investimentos ou equipamentos inventariables, incluídos no anterior importe.

7.4. So serán subvencionables gastos correntes realizados e efectuados no período de vixencia do proxecto aprobado durante o exercicio 2022. **En canto aos custes indirectos, o seu importe non poderán superar o 10% do importe total do orzamento a xustificar por proxecto.**

7.5. En todo caso para a súa consideración como gasto ou investimento válido deberá xustificarse a súa relación directa co obxecto subvencionado. A estes efectos teranse en conta os seguintes consideracións con respecto aos gastos ou investimentos:

GASTO / INVESTIMENTO	CONDICIÓN	IMPUTACIÓN
Alugueiro de inmobles	Afectos en alomenos un 50% ao desenvolvemento do proxecto. De acreditarse que os inmobles estiveron afectos a outros proxectos, o coeficiente poderá ser inferior sempre e cando se xustifique que a súa imputación global é igual ou superior ao 50 % previsto.	Polo custe do aluguer en proporción a súa afección ao proxecto / investimento
Alugueiro ou adquisición de equipos ou material	Afectos en alomenos un 80% ao desenvolvemento do proxecto. Serán validos os arrendamentos financeiros, renting e análogos. De acreditarse que os equipos estiveron afectos a outros proxectos, o coeficiente poderá ser inferior, sempre e cando se xustifique que a súa imputación global é igual ou superior ao 80 % previsto.	Polo custe do aluguer / adquisición en proporción a súa afección ao proxecto ou actividade
Gastos de subministracións	Afectos ao 100% ao desenvolvemento do proxecto, debendo figurar así na factura.	Polo importe total
Adquisición de material funxible e de oficina non inventariable, incluídos os consumibles e os programas informáticos, sempre e cando estean vinculadas directamente co obxecto subvencionado	Afectos ao 100% ao desenvolvemento do proxecto, debendo figurar así na factura.	Polo importe total
Pólizas de seguros	Afectos ao 100% ao desenvolvemento das actividades.	Polo importe total
Soldos e salarios	Persoal que estea directamente relacionado coa execución da actividade subvencionada.	Imputado por períodos ou xornadas adicadas ao proxecto/actividade
	Persoal administrativo contratado pola asociación beneficiaria.	Imputarase nun 10 % do custe laboral de mesmo durante a vixencia do proxecto en concepto de gastos xerais
	Dietas, desprazamentos do persoal contratado para o proxecto.	Non serán imputados.
Servizos de profesionais externos	Servizos de profesionais externos relacionados cos proxectos/investimentos aprobados.	Imputado proporcionalmente aos períodos ou xornadas correspondentes aos proxectos ou actividades
Investimentos	Investimentos ou dotación de equipamentos de carácter inventariable	Polo importe total
Tributos ou demais ingresos de dereito público		Non serán subvencionables
Gastos protocolarios e de representación		Non serán subvencionables
Artigos e materiais promocionais, salvo que estean asociados a campañas de promoción concretas e que sexan comúns a todos os establecementos participantes nas mesmas		Non serán subvencionables
Gastos en premios, agasallos e primas entregados a consumidores cando se utilicen concursos, sorteos ou similares como métodos vinculados á promoción e representación comercial		Non serán subvencionables
Outros gastos	Gastos financeiros	Non serán subvencionables
Calquera outro gasto que non responda ao obxecto da convocatoria		Non serán subvencionables

7.6. No caso de realización de investimentos ou dotación de equipamentos de carácter inventariable, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á adquisición.

7.7. No caso de realización de investimentos ou dotación de equipamentos de carácter inventariable, debe tratarse de investimentos en elementos novos, directamente relacionados coa actividade, con prezos adaptados aos valores de mercado, non cedidos a terceiros, con ou sen contraprestación e que no sexan proporcionados pola entidade solicitante ni por unha terceira vinculada á mesma, ni por socios/as, administradores/as, ni membros da xunta directiva, ou ex - socios/as, ex - administradores o ex - membros da xunta directiva durante os 2 anos seguintes ao seu cesamento. Tampouco poderán ser utilizados para a venta ou calquer outro negocio xurídico.

7.8. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presen ou subministren, ou salvo que o gasto ou investimento se realizase con anterioridade á subvención. A elección entre

as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, ou, no seu caso, na solicitude de subvención, se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaiga na proposta económica máis ventaxosa.

7.9. En ningún caso, o importe dos gastos ou investimentos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado. O Concello poderá comprobar o valor de mercado dos gastos ou investimentos subvencionados empregando un ou varios dos medios establecidos no artigo 33 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

7.10. A empresa que facture os bens ou servizos ou subministre os equipamentos inventariables obxecto de subvención deberá estar de alta na actividade económica correspondente aos bens, servizos ou equipamentos que provea e recollida no certificado de situación censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria con anterioridade á data de emisión da factura ou, no seu defecto, contar cunha experiencia contrastada e demostrable na prestación dos servizos ou na subministración dos bens e equipamentos equiparables aos que sexan obxecto de subvención.

7.11. Non se poderán utilizar intermediarios que se limiten a xestionar a compra ou o servizo aumentando así o prezo final facturado.

Base 8ª. Orzamento da convocatoria e compatibilidade das axudas

8.1. A cantidade global máxima para esta convocatoria ascende a 70.000,00 euros con cargo ás aplicacións orzamentarias 433.47903, "Subvencións correntes empresas libre concorrència" (50.000,00 €) e 433 77900 "Subvencións capital empresas libre concorrència" (20.000,00 €) do orzamento xeral do Concello de Cambre para 2022.

8.2. En calquera caso, a concesión de subvencións e o recoñecemento das súas contías quedará condicionada á existencia de crédito axeitado e suficiente nas aplicacións orzamentarias correspondentes do orzamento do concello de Cambre para o exercicio 2023.

Base 9ª. Contía das axudas

A contía a subvencionar por entidade solicitante non poderá superar o importe de 30.000,00 euros por asociación, independentemente do número de proxectos que presente na súa solicitude e da tipoloxía de gastos a subvencionar (gastos das actividades ou investimentos).

A contía a subvencionar por proxecto non poderá superar o importe de 10.000,00 euros, independentemente do número de proxectos que presente na súa solicitude.

O número máximo de proxectos a presentar por entidade será de 4, debendo encadrarse estes en polo menos 2 das diferentes áreas prioritarias de actuación.

O importe da subvención municipal a conceder será como máximo do 90% do custo total da actividade ou investimento, sen prexuízo de que o Concello poida variar esta porcentaxe en función do interese da actividade ou investimento subvencionado, xustificándoo debidamente no expediente, polo órgano xestor da mesma.

Establécese desta forma un coeficiente de financiamento do 90%, de forma que, con carácter xeral, o importe que haberá que xustificar documentalmente para poder cobrar a totalidade da subvención concedida será o resultado de dividir o importe da subvención outorgada por 0,90. **O antedito coeficiente de financiamento aplicarase de forma separada a cada un dos proxectos para os que se solicite subvención, do mesmo xeito que aos gastos xerais, os custes indirectos ou os investimentos, de existir estes.** Resultando o importe da subvención a abonar da suma do resultado de aplicar o coeficiente de financiamento a cada un dos proxectos ou investimentos xustificadas, xunto ao resultado de aplicar idéntico coeficiente aos custes indirectos ou gastos xerais, de existir estes.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que en concorrència con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas, e demais ingresos propios imputables, supere o custo da actividade. En tal caso reducirase a achega municipal de forma proporcional.

Base 10ª. Prazo de execución

O prazo de execución das actividades obxecto desta convocatoria será o comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022.

Base 11ª. Solicitudes, documentación e prazos

11.1. O prazo para presentar as solicitudes é de vinte días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia do extracto da convocatoria.

11.2. Cada asociación empresarial presentará unha única solicitude, que poderá conter un ou varios proxectos, ata un máximo de catro.

11.3. As solicitudes de axudas dirixiranse ao/á Alcalde do concello de Cambre e presentaranse na súa sede electrónica (<https://sede.cambre.es/opencms/gl/>).

11.4. **Todos os trámites administrativos** que as entidades interesadas precisen realizar durante a tramitación dos procedementos previstos nestas bases, **deberán efectuarse electrónicamente**.

11.5. As solicitudes realizaranse en calquera navegador de Internet, a través da sede electrónica do Concello de Cambre <https://sede.cambre.es/opencms/gl/>, accedendo cun certificado electrónico emitido por autoridade de certificación acreditada ou por un prestador de servizos de certificación de confianza. Na sede electrónica seleccionárase o procedemento “Convocatoria pública de subvencións municipais a asociacións empresariais 2022”. Cumprimentada a instancia xeral, poderán anexarse os documentos esixidos na convocatoria, en formato PDF. As asociacións poderán empregar un certificado de sinatura electrónica de representante de persoas xurídicas e, non dispoñendo del, poderán autorizar a un representante que dispoña de certificación dixital para que presente no seu nome a solicitude e documentos, debendo neste caso aportar ademais unha autorización para actuar como representante, asinada pola presidencia e secretaría da asociación.

11.6. As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

- a) Solicitude asinada segundo o modelo de **Anexo I: Solicitude, declaracións responsables e autorizacións** que se achega a estas bases reguladoras, que incluirá:
- Datos identificativos da asociación empresarial solicitante.
 - Datos do/a representante legal.
 - Datos a efectos de notificacións.
 - Autorizacións para a comprobación de datos e para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas súas obrigas coa Administración Tributaria, coa Seguridade Social, coa Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co concello de Cambre. No caso de non conceder estas autorizacións, deberán aportarse as certificacións e documentos obxecto de comprobación correspondentes.
 - Declaración responsable de que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das incompatibilidades previstas nas bases, nin en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, nin en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de que posúe a capacidade e reúne os requisitos necesarios para ser beneficiaria desta subvención.
 - Declaración responsable comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.
- b) Copia do NIF da asociación.
- c) Documentación que acredite a capacidade da persoa que actúe como representante legal da asociación para actuar no seu nome e representación (certificados de nomeamento, apoderamentos, etc.).
- d) Fotocopia dos estatutos, escritura de constitución, acta fundacional, ou calquera outra documentación acreditativa da personalidade xurídica.
- e) Fotocopia do documento que acredite a inscrición da asociación no rexistro correspondente.
- f) Certificado da secretaría da asociación do acordo do órgano competente da mesma, no que se exprese a vontade de solicitar a subvención para o proxecto/s contido na memoria e no que conste a relación actual de cargos representativos da asociación (nome/apelidos/DNI, NIF, NIE) e o número actualizado de asociados/as, na data da solicitude da axuda, de conformidade co modelo de **Anexo II: Certificado de acordo, cargos representativos e número de asociados**.
- g) Certificación bancaria do número IBAN da conta titularidade da entidade beneficiaria sinalada para o pagamento da subvención.
- h) Memoria explicativa das actuacións/investmentos a realizar e para os que se solicita a subvención, asinada pola presidencia da asociación, segundo o modelo do **Anexo III: Memoria. DEBERÁ PRESENTARSE UN ANEXO III POR CADA UN DOS PROXECTOS SOLICITADOS**, que constará de:
- Descrición do proxecto/investimento a desenvolver. No suposto de que o proxecto para o que se solicite a subvención se realice conxuntamente con outras entidades, deberá facerse mención expresa disto na memoria.

- Número estimado de persoas participantes / beneficiarios/as.
- Orzamento desagregado do proxecto / investimento.
- Área xeográfica de realización do proxecto / investimento.
- Período de realización do proxecto / investimento.
- Obxectivos e fundamentación do proxecto / investimento.
- Público obxectivo (participantes nas actividades) ou beneficiarios (do investimento).
- Calendario previsto de realización.
- Medios e forma de difusión da actividade ou investimento.
- Outra información de interese (metodoloxía, etc.).
- Orzamento estimado de gastos ou investimento e forma de financiamento previsto, no que se incluírá, especificamente, mención ao importe da subvención solicitada ao Concello, e as solicitudes ou concesións doutras subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo fin.

i) **No suposto de investimentos en inmobles ou da dotación de equipamentos inventariables destinados ás asociacións, deberán acreditar calquera destas condicións:**

- A titularidade do inmovible onde se realzarán as actuacións ou se instalarán/destinaran os equipamentos, se a entidade é a propietaria.
- A autorización e cesión do uso do inmovible no que se realzarán os investimentos ou aos que se destinarán os equipamentos inventariables por parte dos propietarios a prol da entidade, cunha duración mínima de cinco anos a contar dende o ano 2022.
- Ou a autorización para facer o investimento ou para instalar o equipamento do órgano municipal competente, no caso de inmobles ou espazos municipais

Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente ao concello de Cambre. Para estes efectos, **a persoa interesada deberá indicar en que expediente, ano e ante que departamento municipal presentou os citados documentos.** Presumírase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

O departamento correspondente revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñan a documentación esixida. Se resultase que a documentación estivera incompleta ou defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de DEZ días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

O Concello poderá recadar calquera outro documento que considere preciso para a avaliación da subvención solicitada, así como para o control e seguimento do proxecto obxecto da mesma.

Base 12ª. Criterios de valoración para o outorgamento das subvencións

A valoración de cada expediente de solicitude de subvención, sendo 100 o máximo de puntos a acadar, e a determinación individualizada da contía a subvencionar se realizará en función dos seguintes criterios:

Critério	Explicación	Puntos
CRITERIOS DE AVALIACIÓN TÉCNICA		
Adecuación do proxecto: máximo 50 puntos (para a avaliación deste criterio empregárase o documento "Anexo III: Memoria")	O grado de adecuación dos proxectos e/ou actividades ou investimentos aos obxectivos, tanto polo que respecta ao plantexamento do proxecto (obxectivos, actividades e resultados) como no impacto na dinamización da actividade comercial, empresarial ou hostaleira, na mellora da competitividade empresarial, no fomento do asociacionismo ou na adopción das medidas e protocolos necesarios para garantir o desenvolvemento da actividade empresarial local no novo escenario derivado da crise sanitaria provocada polo COVID-19	Ata 20 puntos
	A correcta presentación dos proxectos, en canto á axeitada descrición do programa e/ou actividades ou investimentos a desenvolver, concreción das actividades, duración, temporalización, lugar de realización, características das persoas destinatarias ás que se dirixe, así como o número estimado de persoas beneficiarias	Ata 10 puntos
	Coordinación con administracións públicas e servizos municipais para o desenvolvemento dos proxectos presentados	Ata 10 puntos
	Coordinación con outras asociacións, entidades privadas para o desenvolvemento dos proxectos presentados	Ata 5 puntos
	Plan de comunicación e difusión, en función dos medios e canles de difusión e comunicación empregados, alcance das campañas, emprego das novas tecnoloxías da comunicación, etc.	Ata 5 puntos
CRITERIOS DE APLICACIÓN AUTOMÁTICA		
Viabilidade económica do proxecto (aportación de recursos financeiros propios das entidades): máximo 10 puntos (para a avaliación deste criterio empregárase o documento "Anexo III: Memoria" e mais concretamente, a "Acheга económica da entidade" do "Orzamento estimado de gastos/ investimentos e forma de financiamento previsto")	Solicitudes de subvención municipal que financien gastos ou investimentos de proxecto nunha porcentaxe comprendida entre o 90% e o 80% do total reflectido no orzamento estimado total de gastos ou investimentos e forma de financiamento previsto (anexo III) [90% ≤ subvención ≤ 80%]	2,5 puntos
	Solicitudes de subvención municipal que financien gastos ou investimentos de proxecto nunha porcentaxe inferior ao 80 % e ata o 70% do total reflectido no orzamento estimado total de gastos ou investimentos e forma de financiamento previsto (anexo III) [80% < subvención ≤ 70%]	5 puntos
	Solicitudes de subvención municipal que financien gastos ou investimentos de proxecto nunha porcentaxe inferior ao 70 % e ata o 60% do total reflectido no orzamento estimado total de gastos ou investimentos e forma de financiamento previsto (anexo III) [70% < subvención ≤ 60%]	7,5 puntos
	Solicitudes de subvención municipal que financien gastos ou investimentos de proxecto nunha porcentaxe inferior ao 60 % do total reflectido no orzamento estimado total de gastos ou investimentos e forma de financiamento previsto (anexo III) [subvención < 60%]	10 puntos
Representatividade das asociacións (en número de asociados): máximo 30 puntos (para a avaliación deste criterio empregárase o documento "Anexo II: Certificado de acordo, cargos representativos e número de socios")	Entre 26 e 35 asociados	10 puntos
	Entre 36 e 45 asociados	15 puntos
	Entre 46 e 55 asociados	20 puntos
	Entre 56 e 65 asociados	25 puntos
	Mais de 66 asociados	30 puntos
Emprego da lingua galega: 10 puntos	Emprego da lingua galega na documentación aportada	10 puntos

12.1. Valoradas todas as solicitudes, segundo o crédito dispoñible, a puntuación total obtida servirá para calcular o importe de cada entidade mediante un sistema proporcional de reparto, calculado mediante a seguinte fórmula:

$$\frac{\text{Puntuación obtida} \times \text{Cantidade global de subvención}}{\text{Puntuacións totais}}$$

Puntuacións totais

Puntuación obtida: Suma total das puntuacións alcanzadas en cada criterio de valoración.

Cantidade global: Importe total a repartir entre todas as solicitudes.

Puntuación total: Suma das puntuacións de todas as entidades solicitantes.

12.2. No caso que da aplicación da fórmula algunha asociación superase os 30.000,00 € de importe da subvención na globalidade dos proxectos presentados ou 10.000,00 € en algún dos proxectos individuais, tomaranse estes límites á hora de propor a cantidade subvencionada ou, no seu caso, o importe da subvención solicitada para cada proxecto concreto, cando este resultase inferior ao resultado da aplicación da fórmula.

13.2. Se por mor desta rebaixa non se efectuase o reparto total da partida destinada a este programa de subvencións, non se realizará un novo reparto que puidera desvirtuar os criterios desta convocatoria. De querer proceder ao reparto destes saldos, deberá de realizarse unha nova convocatoria para novos proxectos, coas mesmas bases, dentro deste exercicio, establecendo como contía de reparto o saldo non repartido. Esta convocatoria poderá aprobarse polo concelleiro delegado.

Base 13ª. Procedemento de concesión, instrución e tramitación

13.1. O procedemento de concesión das subvencións reguladas nas presentes bases entenderase iniciado coa aprobación e publicación da convocatoria.

13.2. A concesión das axudas recollidas nestas bases tramitárase en réxime de concorrencia competitiva de conformidade co disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que se realizará a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de conformidade cos criterios de valoración establecidos nestas bases e adxudicar, co límite fixado na convocatoria, dentro do orzamento dispoñible, o importe das subvencións a conceder en función da valoración obtida polas entidades solicitantes, aplicados os devanditos criterios de valoración.

13.3. A instrución do procedemento levarase a cabo polos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución. Se por parte do órgano xestor se observasen deficiencias nas solicitudes presentadas ou resultase que a documentación estivera incompleta ou fora defectuosa, requiriráselle á entidade solicitante para que no prazo de DEZ días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa as deficiencias observadas, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución, de acordo co disposto na lexislación vixente.

13.4. No caso de que algunha entidade presente máis de catro proxectos, requiriráselle para que no prazo de DEZ días delimite expresamente os catro que han de ser avaliados, sen que se estude ningunha das súas solicitudes ata que se concrete dita selección pola entidade. De non cumprimentar este tramite, entenderase que desiste de todas as súas solicitudes de subvención.

13.5. Rematado o prazo de presentación e, no seu caso, os prazos de subsanación ou de delimitación de proxectos, procederase á valoración das solicitudes conforme as bases da subvención. A estes efectos, se convocara unha comisión de avaliación na que se procedera a valorar cada un dos proxectos de acordo cos criterios recollidos na base 12ª, e propoñase a denegación das solicitudes que non cumpran os requisitos. No caso de criterios de avaliación técnica se motivarán as puntuacións de maneira sucinta. No caso de criterios de avaliación automática non será necesaria a motivación dos mesmos. A comisión de avaliación estará composta por:

- Presidente. O concelleiro da area de desenvolvemento socioeconómico.
- Vocais.
 - o A responsable da Axencia de Desenvolvemento Local ou funcionario/a no que delegue.
 - o A axente de emprego e desenvolvemento local ou funcionario/a no que delegue.
 - o O técnico en promoción económica ou funcionario/a no que delegue.
 - o O interventor ou funcionario/a da área de intervención no que delegue.
- Secretaria. A secretaria municipal ou funcionario/a no que delegue.

13.6. Con base na proposta formulada, as axudas concederanse ou denegaranse por resolución da Alcaldía ou concellaría delegada, no seu caso, que será notificada aos interesados/as. No caso de que o interventor declinase a súa presenza na comisión ou delegase o acudir á mesma, a proposta deberá de ser remitida con carácter previo para o seu informe de fiscalización.

13.7. Con carácter previo á concesión, comprobarase de oficio que as entidades solicitantes están ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

13.8. A notificación da resolución de concesión deberá facerse nun prazo máximo de dous meses a contar dende o día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes. De non producirse resolución expresa neste prazo, a solicitude entenderase desestimada.

13.9. A resolución na que se acorde a concesión das subvencións conterá expresamente a contía, condicións e obrigas ás que deban suxeitarse a entidade beneficiaria, así como as solicitudes desestimadas e os motivos de desestimación.

13.10. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, mediante a presentación da solicitude asinada de aceptación, de conformidade

co modelo que se achega como **Anexo IV: aceptación e solicitude de anticipo de pagamento**. Transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, se entenderá tacitamente aceptada.

13.11. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso - administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

13.12. As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o **Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal**, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorran DEZ días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practícará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Base 14ª. Circunstancias que modifican a resolución de concesión e reintegro

Toda alteración das condicións consideradas para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, eventualmente, á súa revogación.

A resolución de concesión da subvención poderá modificarse en todo caso en virtude da concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- Que con posterioridade á concesión da axuda se reciban outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público, de xeito que a suma de todas elas supere o custe da actividade.
- Que por causas de forza maior que o impidan, varíen os obxectivos e contidos da actividade subvencionada.
- O incumprimento total dos fins para os que foi concedida a axuda, que dará lugar a anulación do 100% da axuda concedida.
- Os demais previstos na Lei Xeral de Subvencións.

Base 15ª. Xustificación da subvención

15.1 As entidades beneficiarias da subvención deberán presentar **antes do 31 de xaneiro de 2023** a través de rexistro telemático, a documentación xustificativa do cumprimento do proxecto, actividade ou investimento subvencionado segundo o formulario de xustificación correspondente. Nembargantes, unha vez concedida e notificada a subvención e aceptada esta, poderán presentarse xustificacións por cada un dos proxectos aprobados para cada entidade con anterioridade ao prazo indicado, unha vez se xustifique a súa realización e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión. O pagamento das subvencións quedará condicionado en todo caso á presentación na sede electrónica do Concello de Cambre da documentación xustificativa mediante a remisión da seguinte documentación:

- a) Xustificación e solicitude de pagamento, segundo o modelo de **Anexo V: Xustificación e solicitude de pagamento**, debidamente asinado.
- b) Memoria xustificativa do proxecto coas actividades/investmentos realizados que avalíe os resultados, segundo o modelo de **Anexo VI: Memoria xustificativa. DEBERÁ PRESENTARSE UN ANEXO VI POR CADA UN DOS PROXECTOS A XUSTIFICAR**, que incorporará os seguintes contidos:
 - Descrición do proxecto/investimento realizado.
 - Localización e ámbito territorial de realización.
 - Número de actividades realizadas, días da súa realización e beneficiarios/destinatarios das mesmas ou dos investmentos realizados.
 - Número de establecementos/asociados/empresas participantes na actividade ou de beneficiarios dos investmentos realizados.

- Valoración dos obxectivos propostos e resultados obtidos.
 - Accións de comunicación realizadas.
 - Desviacións respecto das previsións iniciais.
- c) Certificación asinado polo/a presidente/a e secretario/a da asociación de cumprimento da finalidade para o cal se outorga a subvención conforme aos proxectos presentados ou que se produciron desviacións respecto ás previsións iniciais, e no que se detallan as subvencións ou axudas solicitadas e/ou concedidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou en caso contrario, de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto, segundo o modelo de **Anexo VII: Certificado de cumprimento coa finalidade obxecto da subvención e outras subvencións e axudas para o mesmo obxecto**. Cando a actividade fose financiada, ademais de con subvencións, con fondos propios ou outros recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos á actividade subvencionada.
- d) **Relación clasificada e certificada dos gastos/investmentos da actividade**, segundo o modelo de **Anexo VIII: Relación clasificada e certificada de gastos/investmentos. DEBERÁ PRESENTARSE UN ANEXO VIII POR CADA UN DOS PROXECTOS A XUSTIFICAR**, con identificación dos acredores (denominación social de tratarse dunha persoa xurídica, nome e apelidos no caso de persoa física, e NIF/CIF/NIE), do concepto de gasto/investimento e do tipo de documento (número de factura ou documento equivalente, importe, detalle da retención do IRPF se procede, data completa de emisión e de pagamento, medio de pago e porcentaxe imputado ao proxecto subvencionado). Admitiranse xustificantes correspondentes a gastos/investmentos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022. **Dita relación deberá comprender todos os gastos/investmentos realizados polo beneficiario para o desenvolvemento de cada un dos proxectos**, aínda que o seu concepto non sexa subvencionado polo Concello, para os efectos de comprobar que o gasto/investimento realizado non é inferior aos ingresos percibidos e imputables ao obxecto a subvencionar. A entidade deberá contar cun Rexistro cronolóxico de cobros e pagos que inclúan debidamente identificados, entre outros, os relativos a actividade/investimento obxecto de financiamento nas presentes bases, tendo os efectos previstos no artigo 17.3 h) da Lei xeral de subvencións e no artigo 11. f) e g) da Lei de subvencións de Galicia, ademais daqueles libros e rexistros contables que as normas que lle sexan de aplicación no ámbito contable establezan.
- e) Copia das facturas orixinais ou documentos válidos para acreditar o gasto ou investimento. Deberá estenderse polo/a secretario/a da entidade no orixinal da factura, antes do seu escaneado, unha dilixencia na que se faga constar que a factura empregouse como xustificante de gasto/investimento para a obtención dunha subvención por parte do concello de Cambre. As facturas deberán especificar de forma detallada, o número e concepto dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios así como calquera outra información que facilite a comprobación de que estes documentos se axustan ao obxecto da subvención. No caso de que a subvención teña por finalidade a realización de investmentos en bens de equipo, xustificaranse coa copia da factura orixinal. As subvencións que teñan como finalidade a realización de obras ou instalacións, xustificaranse coa copia da factura orixinal expedida polo contratista ou instalador e coa certificación asinada por un técnico colexiado competente no caso de se precisar esta. Non se admitirán como xustificante de gasto/investimento as facturas nas que non se detallan os anteditos aspectos ou que non estean a nome da entidade ou asociación solicitante. Para xustificar os gastos de persoal da entidade, deberá aportar nóminas, e será obrigatorio achegar os documentos DCL (Documento de Cálculo de Liquidacións) e RNT (Relación Nominal de Traballadores). O DCL deberá ir acompañado do xustificante bancario. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal cantidade que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. No caso de presentar declaración de axudas doutros organismos ou entidades de carácter público ou privado, as facturas xustificativas a presentar deberán ser, cando menos, da suma das cantidades percibidas.
- f) Documentos xustificativos do pagamento das facturas e demais xustificantes de gasto/investimento presentados. O pagamento das facturas e xustificantes de gastos e investmentos validos debe realizarse a través de entidade financeira. Poderá empregarse como medio de pago a transferencia bancaria, tarxeta de crédito ou débito, cheque nominativo ou calquera outro medio que permita deixar constancia do importe, data de pago e receptor dos fondos.
- g) Certificación bancaria do numero IBAN da conta titularidade da entidade beneficiaria sinalada para o pagamento da subvención, no caso de ser distinta á aportada na solicitude de subvención.
- h) Acreditación da publicidade da subvención concedida, mediante a presentación de:
- Copia dos elementos de difusión (carteis, trípticos ou similar, anuncios publicados en medios de comunicación, etc.) nos que deberá figurar o concello de Cambre e o seu logotipo como entidade subvencionadora, segundo o modelo que se aproba xunto coas presentes bases.

- Capturas de pantalla das insercións en redes sociais, etc. que se empreguen para a divulgación e promoción das actividades, nos que haberá de figurar o concello de Cambre e o seu logotipo como entidade subvencionadora, segundo o modelo que se aproba xunto coas presentes bases.
- Capturas de pantalla da web nas que se faga constar a colaboración económica do concello de Cambre ao publicitar as actividades obxecto de subvención, nas que deberá figurar o concello de Cambre oe o seu logotipo como entidade subvencionadora, segundo o modelo que se aproba xunto coas presentes bases.
- Fotografías do cartel colocado en lugar visible das instalacións ou das etiquetas coolocadas nos equipamentos inventariables subvencionados nas que figure o concello de Cambre e o seu logotipo como entidade subvencionadora, segundo o modelo que se aproba xunto coas presentes bases.

15.1 Finalizado o prazo de xustificación sen que algunha das entidades beneficiarias presentase a documentación xustificativa, o órgano xestor requiriralles a súa presentación, concedéndoselles un prazo improrrogable de 15 días . A falta de presentación da xustificación no prazo establecido levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións.

15.2 O concello de Cambre poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

15.3 O Concello reducirá a contía da subvención concedida proporcionalmente ao gasto ou investimento non xustificado no desenvolvemento da actividade si, no momento de acreditar o gasto/investimento, este resultase inferior respecto ao concedido.

15.4 Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a entidade beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou co Concello de Cambre ou sexa debedora en virtude de resolución firme declarativa de orixe de reintegro.

Base 16ª. Anticipo de pagamento

Poderá realizarse o pagamento do 80% da contía da subvención concedida, en concepto de pago anticipado. Este pago anticipado farase efectivo, previa solicitude da entidade beneficiaria, unha vez realizada a notificación da subvención e tras a aceptación expresa desta, mediante a presentación da solicitude asinada de anticipo de pagamento, de conformidade co modelo que se achega como **Anexo IV: aceptación e solicitude de anticipo de pagamento**.

A aprobación dos anticipos realizarase por resolución de Alcaldía a proposta da concellería delegada, e estará condicionada a:

- Informe xustificativo emitido polo responsable do servizo.
- Constitución dunha garantía por importe do anticipo a favor do concello de Cambre e conforme ao establecido na cláusula seguinte.

Base 17ª. Garantías

17.1 Será obrigatoria a prestación de garantías para a realización de anticipos.

17.2 A garantía constituirase mediante presentación de aval solidario de entidade de crédito, seguro de caución ou, no seu defecto, mediante calquera das modalidades e coas características e requisitos establecidos no Real Decreto 161/1997, de 7 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos.

17.3 A garantía deberá cubrir o 110 % do importe das cantidades que se anticipen, de conformidade co disposto no artigo 46 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

17.4 A garantía depositarase na Tesourería do concello de Cambre e liberarase despois de que se comprobe a realización do proxecto.

Base 18ª. Pagamento da subvención

Vista a documentación xustificativa presentada, logo do informe - proposta da unidade xestora e do informe de fiscalización da intervención municipal, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e, neste caso, aprobará os xustificantes presentados, correspondéndolle ao Alcalde, ou concelleiro/a competente en caso de delegación, o recoñecemento das obrigas correspondentes, así como a aprobación do pagamento mediante transferencia bancaria. Poderán realizarse pagamentos por cada un dos proxectos que as entidades beneficiarias finalicen e xustifiquen dentro do prazo habilitado ao efecto.

O importe mínimo que se deberá de xustificar a través de facturas e xustificantes válidos de gasto/investimento para poder percibir a totalidade da subvención concedida será o reflectido pola entidade como gasto/investimento total do proxecto ou actividade na solicitude da subvención municipal concedida:

- No suposto de presentar a totalidade da documentación xustificativa, que se certifique o cumprimento dos obxectivos con respecto ás previsións iniciais, e se xustifique o 100% do importe que se ha de xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, polo menos do 45% do importe que se ha de xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto inferior ao 45% do importe que se ha de xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade algunha.

No caso de ter outras subvencións ou ingresos propios para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención municipal, teñan un importe superior aos gastos previstos inicialmente, o orzamento subvencionado que deberá de xustificarse ascenderá á suma das subvencións e demais ingresos afectos.

Base 19ª. Obrigas das entidades beneficiarias

As asociacións empresariais beneficiarias das subvencións atenderán ás seguintes obrigas:

19.1. Realizar os proxectos, actuacións ou investimentos que fundamenten a concesión da subvención nos termos presentados ao Concello pola contía do gasto/investimento aprobado, dentro do prazo establecido nestas bases. De non ser así, procederá a minoración ou, no seu caso, a perda da subvención.

19.2. Xustificar ante o concello de Cambre o cumprimento dos requisitos e das condicións que fundamentaron a concesión da subvención, así como a realización dos proxectos, actividades ou investimentos para os que se concedeu esta, coa presentación no prazo indicado da documentación xustificativa prevista na base 15ª.

19.3. Aportar a documentación requirida, e someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o concello de Cambre e ás de control financeiro que corresponde á Intervención municipal.

19.4. Notificar por escrito ao órgano concedente calquera modificación das circunstancias consideradas para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas.

19.5. **Notificar por escrito ao órgano concedente as modificacións que se propoñan efectuar ou que se presenten na execución dos proxectos ou investimentos e que afecten ás actividades que o integren (datas de realización, actividades propostas, etc.),** que deberán autorizarse polo concello de Cambre. Poderán realizarse modificacións que non afecten ao contido esencial do proxecto e as actividades ou investimentos aprobados, cando estes estean referidas a partidas/categorías de gasto/investimento, sempre que non superen o 15% do orzamento global nin afecten ao importe total do proxecto/investimento aprobado, compensándose entre as diferentes actividades/investimentos realizados e respectando, en todo caso, o límite do importe máximo establecido de 10.000,00 euros por proxecto ou investimento e a porcentaxe máxima do 10% de custes indirectos e restantes condicións contidas nas bases da convocatoria. En todo caso, estas modificacións deberán autorizarse expresamente polo concello de Cambre.

19.6. Comunicar ao concello de Cambre, de ser o caso e tan pronto como se teña coñecemento, a obtención doutras subvencións concorrentes, axudas, ingresos ou recursos por parte doutras administracións ou entidades publicas ou privadas para a mesma finalidade que se subvenciona con cargo a estas bases.

19.7. Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, co concello de Cambre, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

19.8. Conservar os documentos xustificativos relativos á axuda, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

19.9. Sinalar na difusión que faga das actividades/investimentos que contan co financiamento do Concello coa expresión **“subvenciona concello de Cambre”** e o logotipo do Concello segundo o modelo que se achega e aproba xunto coas presentes bases como modelo de **Anexo IX: Publicidade**. A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego. A indicación de que a actividade da entidade conta coa subvención do Concello deberá constar nos carteis, folletos e restante material publicitario e no material promocional cando isto sexa posible. No caso de que a entidade teña web propia, deberá facer constar na mesma a colaboración económica do concello de Cambre ao publicitar as actividades ou gastos ou investimentos efectuados obxecto de subvención. No caso de investimentos en bens inmoables ou en equipamentos inventariables, a publicidade de que a actividade da entidade conta coa subvención do Concello, deberá constar sempre na sede da entidade respectiva, nun cartel en lugar visible, ou en etiquetas que se incorporen aos diferentes equipamentos subvencionados, durante un período de dous anos contados dende o días seguinte ao da data de

notificación da subvención concedida e, en todo caso, no lugar onde se desenvolvan cada unha das actividades subvencionadas mediante o correspondente cartel.

19.10. Solicitar as autorizacións e permisos precisos e realizar as xestións administrativas necesarias para a execución das actividades ou investimentos propostos.

19.11. Cumprir con calquera outra obriga reflectida no artigo 14 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

19.12. Empregar formas de pagamento a terceiros/as que puideran acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc.) no que queden identificadas a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento.

19.13. No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiranse as seguintes regras:

- **A entidade beneficiaria deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención, por un prazo de cinco anos no caso de bens inscribibles nun rexistro público e de dous anos para o resto de bens inventariables.** No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.
- O incumprimento da obriga de destino referida no párrafo anterior, que se producirá en todo caso coa enaxenación ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no título II da Lei Xeral de Subvencións, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu poseedor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título ou en establecemento mercantil ou industrial, no caso de bens muebles non inscribibles.
- No se considerará incumprida la obriga de destino referida no anterior apartado cuando:
 - o Tratándose de bens non inscribibles nun rexistro público, foeran substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ao fin para o que se concedeu a subvención e este uso se manteña ata completar o período establecido, sempre que a substitución fora autorizada polo Concello.
 - o Tratándose de bens inscribibles nun rexistro público, o cambio de destino, enaxenación ou gravame fora autorizado polo Concello. Neste suposto, o adquirente asumirá a obriga de destino dos bens polo período restante e, en caso de incumprimento da mesma, do reintegro da subvención.

O incumprimento dalgunha destas obrigas poderá resolverse coa suspensión do pagamento da subvención ou coa apertura do expediente de reintegro da subvención indebidamente percibida.

Base 20ª: Autorizacións

20.1. A solicitude desta axuda comportará a autorización da asociación solicitante ao concello de Cambre para poder verificar o cumprimento dos requisitos establecidos para obter, percibir e manter a subvención ou axuda correspondente a presente convocatoria, podendo comprobar ou recadar as certificacións de cumprimento das súas obrigas que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, así como para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co concello de Cambre, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O concello resérvase o dereito a requirir á entidade solicitante no caso de que a referida información presente incidencias. Nembargantes, a entidade solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, aportando entón as certificacións correspondentes de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e co concello de Cambre.

20.2. Mediante a presentación da solicitude de subvención a entidade interesada dá autorización expresa ao concello de Cambre para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos á axuda recibida.

20.3. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da axuda concedida e a identificación das entidades beneficiarias, serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que se incorporen á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

Base 21ª.- Obrigas de transparencia

De acordo co disposto no artigo 8 da lei 13/2013 de Transparencia, acceso á información e bo goberno, a entidade beneficiaria e o concello de Cambre están obrigados a publicar as subvencións concedidas con indicación do importe, obxecto, finalidade e beneficiarios.

A relación de subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria, publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na web oficial do concello de Cambre (<http://www.cambre.org>) con expresión da convocatoria, entidades beneficiarias e achegas concedidas, nun prazo máximo dun mes a partir da data de resolución da concesión.

Base 22ª.- Protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais que deban facilitar as entidades, o serán para os efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter esta axuda e serán tratados para os efectos da súa concesión e comprobación da xustificación presentada, sendo responsable do tratamento dos datos a Entidade Local.

De acordo co disposto na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais, os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de concesión, seguimento e control da subvención obxecto das presentes bases. Os devanditos datos trataranse de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos nos casos contemplados na Lei. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos poden exercerse usando o formulario de contacto da Sede Electrónica do concello de Cambre.

Base 23ª. Perda do dereito ao cobro da subvención e reintegro

21 Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o orixe do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base 24ª. Devolución voluntaria da subvención

24.1. As entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do concello de Cambre, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

24.2. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Base 25ª: Seguimento e control

As entidades solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarias e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidas ao control, comprobación e inspección do concello de Cambre, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da axuda e, nomeadamente, para cumprir cos requisitos establecidos na base 15ª, así como para a avaliación deste programa. Ademais facilitaranlle á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Base 26ª. Marco normativo

En todo aquilo non previsto nesta convocatoria será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, as bases de execución do Orzamento para o exercicio 2022, o Plan Estratéxico de subvencións de Cambre 2020 - 23 e a súa modificación para 2022 e demais lexislación vixente en materia de subvencións públicas e de procedemento administrativo.


**ANEXO I: SOLICITUDE, DECLARACIÓNS
RESPONSABLES E AUTORIZACIÓNS
Subvencións Asociacións Empresariais
Cambre 2022**

 Axencia de Desenvolvemento Local
 981 613196 / 981 613128
 adl@cambre.org

DATOS DA ENTIDADE			
Nome ou razón social			NIF
Enderezo			
C.P.	Parroquia / Localidade	Concello	
Teléfono/s	Correo electrónico		
Nº rexistro municipal			
DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL			
Nome ou razón social			DNI / NIF / NIE
Primeiro apelido	Segundo apelido		
Cargo	Documento acreditativo do poder		
Enderezo			
C.P.	Parroquia / Localidade	Concello	
Teléfono/s	Correo electrónico		
DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS			
Notifíquese a:	<input type="checkbox"/> Entidade solicitante	<input type="checkbox"/> Persoa ou entidade representante	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:			
Teléfono móbil	Correo electrónico		
COMPROBACIÓN DE DATOS			
Autorízase ao concello de Cambre a consultar para a tramitación desta solicitude os datos e documentos que se indican de seguido. Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos			OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado de estar ao día do pagamento de obrigas tributarias coa AEAT			<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social			<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade			<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas co concello de Cambre			<input type="checkbox"/>
AUTORIZO Á CONSULTA			
<input type="checkbox"/>	A presentación desta solicitude comporta a autorización ao concello de Cambre para a obtención das certificacións de estar ao corrente nas obrigas establecidas nas bases 11ª e 15ª da convocatoria, que deben emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Xeral da Seguridade Social, á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e para comprobar de oficio que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais co concello de Cambre.		
<input type="checkbox"/>	A presentación desta solicitude comporta a autorización ao concello de Cambre para a consulta da documentación presentada anteriormente ao mesmo nos departamentos e procedementos que se indican de seguido.		
<input type="checkbox"/>	A presentación desta solicitude comporta a autorización ao concello de Cambre, no suposto de ter a condición de beneficiario/a da subvención, para realizar as actuacións de comprobación e seguimento necesarias para comprobar o cumprimento da finalidade da subvención municipal a asociacións empresariais 2022ª (base 25ª).		



**ANEXO I: SOLICITUDE, DECLARACIÓNS
RESPONSABLES E AUTORIZACIÓNS
Subvencións Asociacións Empresariais
Cambre 2022**

Axencia de Desenvolvemento Local
981 613196 / 981 613128
adl@cambre.org

DECLARACIÓNS

A persoa REPRESENTANTE DECLARA, baixo a súa responsabilidade que a entidade solicitante

- Que non esta incurso en ningunha das incompatibilidades sinaladas na base 6ª desta convocatoria
- Que non esta incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Que non esta incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa necesarias para cumprir as condicións da axuda
- Que reúne as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido na base 5ª da convocatoria
- Que todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos

